

FARO DA CULTURA

n.º 194 • Xoves, 8 de febreiro de 2007

Coordina: Xosé Ramón Pena

A serenísima república de Venecia vén de nomear a Robert De Niro cidadán ilustre. De certo, a cerimonia foi un acto solemne que se encadrou dentro do propósito da *Serenissima* de proxectar internacionalmente o seu devaluado festival cinematográfico; mais o feito de escoller a figura de De Niro semella, porén, un recoñecemento a toda unha xeración de actores que inscribiron en ouro o seu nome na historia do cinema. Os mellores directores dos últimos trinta anos viron no italoamericano un bo exemplo de actor de raza; Martin Scorsese, Francis Ford Coppola, Paul Schrader... atoparon nel o vehículo capaz de contar as súas turbias historias de derrota e frustración.

Robert De Niro nace un 17 de agosto de 1943, no Greenwich Village neoiorkino, fillo dunha parella de pintores. O protagonista de *Taxi Driver* enchóupase moi novo do ambiente cultural e artístico que respiraba o Village naquela época. Tomou clases de interpretación co mítico Lee Strasberg, formador de actores da talla de Paul Newman, James Dean... etc. Despois de numerosos papeis en Broadway, foi o debutante Brian de Palma quen, aló polo 1968, lle ofrece un papel na súa opera prima *The Wending Party*, pero non sería até 1973, e da man de Martin Scorsese en *Malas Rúas*, cando a crítica de todo o mundo lle recoñece o

Un dos nosos

seu talento. Será, pois, con Scorsese con quen forme un dos tandens máis brillantes da historia do cinema contemporáneo: *Casino*, *Touro Salvaxe*, *O Cabo do Medo*... son outros tantos bos exemplos de grandes films que cautivaron á crítica mais ao público de todo o planeta. Foi o propio De Niro quen lle deu a idea a Scorsese para rodar unha película sobre a vida de Jacke La Mota, un boxeador vido a menos, cunha historia de auxe e caída persoal no fondo das miserias humanas; este film viría rescatar a Scorsese dun difícil período de crise persoal e profesional. Foi o mesmo De Niro quen, xunto a Scorsese e Paul Schrader, o que escribiu o guión do film. A academia de Hollywood recoñeceu este traballo e premiou ao actor co seu primeiro "Oscar" como actor principal; antes gañara xa a estatuíña como actor secundario polo seu papel de xove Don Vito Corleone. En *Touro Salvaxe*

engordou vinte quilos para dar mais realismo ao papel, e, dentro do seu carácter perfeccionista, foi quen mesmo de recibir os golpes de maneira real no ring, para darlle máis realismo o papel. En 1976 e 1977 foi, consecutivamente, nomeado ao "Oscar" ao actor principal plos seus papeis en *Taxi Driver* e *O Cazador*. Os seus persoaxes nestes films reflectían a frustración de toda unha xeración de norteamericanos que se sentiron traizoados polo seu país na guerra de Vietnam. Toda unha xeración de mozos tirada ao vertedoiro do lixo polas propias neuras imperialistas dos políticos daquela época, a sensación de derrota penetrou na mentalidade de moitos veteranos de guerra, formando monstros como a personaxe de *Taxi Driver*.

Debutou coma director co film *Unha historia do Bronx*, unha máis que notable película escrita xunto co actor Chazz Palmintieri, onde narraba a dura vida dun neno no mítico barrio neoiorkino. Neste film podíanse apreciar as influencias de Scorsese na naneira de presentar os persoaxes e de utilizar a música para dotar de máis dinamismo as escenas; seres traizoados e atormentados pululan por esta ópera prima do aclamado actor. Pero a experiencia tras as cámaras non só remata co traballo de director, senón que crea unha produtora, Tribeca, onde dá saída a traballos de directo-

Robert de Niro, veneciano

FRAN F. JALDA

res noveis, apostando por diferentes labores que sen tal mecenato xamais verían a luz. No "debe", mentres, hai que dicir que o paso do tempo xoga na súa contra, pois moitos papeis que lle ofrecen están inspirados en anteriores traballos, e os recursos dramáticos comezan a converterse en tics e en sobreactuación, algo semellante ao que acontece con Jack Nicolshon ou a Al Pacino. Un claro exemplo disto é o "Oscar" recibido polo seu traballo en *Despertares*, onde facía unha cargante interpretación dun enfermo mental con ganas de vivir a pesar da súa minusvalía. Porén, xa coñecemos a deferencia de Hollywood por papeis con taras físicas ou psicolóxicas. Non obstante, para esquecermos estas pequenas cousas sempre poderemos poñer no DVD films coma *Casino*, *Taxi Driver* ou *O Padriño*.

* Á FALA CON RUBÉN GARCÍA, DIRECTOR DA MOSTRA DE TEATRO DE RIBADAVIA / Páx. III

* EXPOSICIÓN: "CONSTRUCCIÓN", DE ENRIQUE CONDE / Páx. VI

* NORDESTIN@S: CON JAZZ E DESDE O CANTÁBRICO / Páx. VIII



De arriba abaixo: "Consumiendo juventud"; "Consumiendo"; "Instalación en Macuf, I" e "Instalación en Macuf, II".



A memoria dos exultantes anos oitenta leva aparelada para moitos de nós o recordo das primeiras edicións da feira Arco. Naqueles anos estaba de moda a pintura baixo o estilo do novo expresionismo alemán, cuxa salvaxe estética trouxo até Galicia Francisco Leiro ao facer as súas grandes e violentas esculturas que retratan xigantes, nereidas e sirenos. Foron aqueles anos nos que a moda estivo dominada polo célebre slogan "la arruga es bella" do deseñador Adolfo Domínguez quen reinventou un universo estético de influencias xapónicas. O creador ourensán vestía os visitantes de Arco con cores semellantes ás das esculturas de pedra granítica de Manolo Paz. Facía tamén estampados nos seus tecidos con formas acuosas e irregulares que recordaban os cadros de Antón Patiño. Aínda naqueles anos camiñaban entre nós algúns creadores da Galicia da diáspora como o célebre Laxeiro e a divina Maruja Mallo. Daquela artistas e público tiñamos moitas ganas de ser modernos e de emborracharnos de cultura, tarefa que non fixemos mal por que aquí andamos cáseque 25 anos despois celebrando a arte baixo o mesmo Arco coa presenza de moitas vangardistas galerías galegas na feira de Madrid. Abondemos sobre a participación das Galerías de arte galegas en Arco nas liñas que seguen.

A máis veterana das participantes en Arco é a santiaguesa Trinta que asiste dende o ano 1986. A súa directora, Asunta Rodríguez define a súa a liña expositiva contando con artistas centrados no discurso obxectivo que se mesturan con non poucos pintores e moitos vídeo creadores e fotógrafos. Entre outros artistas, representa desta volta ao fotógrafo das lagoas Manuel Vilariño, quen fai fotos de naturezas mortas iluminadas con claroscuros. Leva tamén os vídeos de Manuel Saiz, quen ten rodado unha peza tripla en Xapón, Holanda e na santiaguesa Cidade da Cultura, titulado *A life*, que é unha preciosidade como creación filmica. Entre os pintores da Galería atopamos a xestualidade de Berta Cáccamo e a arte concreta de Thomas Jocher. Entre os máis vigorosos artistas desta casa atopamos a Carlos Pazos, cas súas propostas de bibelots e obxectos encontrados cheos de retoques. Completan a lista Pamen Pereira cos seus xélicos universos orientais e Alicia Martín cas

Creacións de Arco

ROMÁN PADÍN OTERO

pan con ela en Arco atopamos o atlántico e universal Antón Lamazares cos seus cadros maticados de acuosa plasticidade. Tamén a materia está presente na obra da urbanita Mónica Alonso, mais no caso da marabillosa artista lucense son pezas feitas con base na materia industrial chea de lamentos e introspección, e non materia pictórica como no caso de Lamazares. O diálogo con Portugal é importante en SCQ, polo que a Galería presenta traballos de cor tridimensional asinados por Pedro Calapez, xunto ás sólidas estruturas de José Pedro Croft, ambos os dous moi recoñecidos artistas lusos de perfil cosmopolita.

NON SENTIMOS A NOSTALXIA DOS ANOS 80, SENÓN O DESEXO DE COÑECER A NOVA ARTE DO DEVIR

A galerista Marisa Marimón de Ourense reúne dende inicio dos anos noventa a un brillante grupo de artistas que progresivamente crece con novas incorporacións sempre acertadas. A súa liña de traballo cubre dende a pintura de intelectual violencia poética asinada por Alberto Datas até as concrecións videográficas e as esculturas cartográficas propostas polo lúcido Javier Viver. Entre eles encontramos unha morea de creadores internacionais como o celebrado Vicente Blanco co seu universo de inxenua perversión. Salvador Cidrás participa cos seus cadros-foto nos que xoga coa

Imos de Feira

súas obras nas que anda á procura de bibliotecas entre as máis recónditas ruínas urbanas.

A Galería SCQ, realiza espléndidas exposicións no seu novo espazo con estética industrial situado en pleno centro de Santiago. O espectro de creadores que xestiona esta galería é amplo e entre os que partici-

estética da publicidade de moda e coas técnicas fora de tendencia, en fin o artista Ángel Núñez, expón as súas esculturas de luz con personalidade sideral. Se ollamos para todos eses novos creadores representados por estas e outras valentes galerías galegas non sentimos nostalgia dos oitenta se non desexo de coñecer a arte do devir.

Galeristas olivicos

Nos anos oitenta, en pleno fragor do renacemento da cultura pop en España, Vigo escribíase con M de Madrid, había instalacións de aforcados debaixo do escaléxtric da Gran Vía e as Galerías de arte eran asemade perruquerías nunha voluntariosa versión da escena berlinesa no noso país. Aqueles anos iniciais da cultura contemporánea galega dende Vigo teñen hoxe una continuación sólida nas galerías olivicas que acuden a Arco, pois elas son exemplo de traballo rigoroso na "fiesta de los maniqués". As galerías de arte fan o esforzado traballo de comercializar as novidades poéticas, ás veces incomprensibles, dos magos da vida que son os artistas.

Dende Vigo a participación ábrese coa Galería Ad Hoc que acode con pezas de expresión musical/ visual do profesor de Belas Artes Xoan Anleo. O universo pop de Suso Fandiño destaca pola técnica comprimida do seu pincel e a iconoclastía das súas teimas. A sofisticada Chelo Matesanz realiza obras nas que combina o arts&craft co intelectualizado discurso das súas citas á historia da arte e da antropoloxía. En fin Manuel Ocampo é un pintor figurativo que comparte ironía con Jorge Perianes e os seus universos de gore infantil.

Tamén dende Vigo a Galería Bacecos acude á feira cas excelentes fotografías de Manuel Vilariño. Asemade leva as fotografías intervistas de Pablo Genovés, as fotografías con equivalente multimedia de Chema Alvargonzález e as fotografías con discursos kitsch de Ciuco Gutiérrez, todas elas conforman a proposta que esta impecable galería galega realiza para a cita matritense.

A costa atlántica galega rodea logo Madrid nestes días de Arco. As cousas deron a volta e Madrid escribíase con V de Vigo.

ENTREVISTA

Que significou para Vostede que a Feria de Artes Escénicas de Madrid lle concedera o Premio Artemad á Mostra de Ribadavia, polo seu labor a prol do teatro?


-Para min, resulta moi importante que unha feira de teatro como a de Madrid reconeça a traxectoria e a importancia da Mostra de Ribadavia. É un apoio moi forte, porque se trata dun recoñecemento a estes vinte e tres anos de traballo duro, con algunhas inquedanzas, pero tamén con moitas satisfaccións. Ademais, eu sempre digo que a Mostra non é só un referente en Galicia, senón en todo o Estado Español e no extranxeiro, e este premio vén reafirmarme nesa idea. Por outra banda, cando nos deron o premio, eu pensaba que en todos estes anos só houbo en Galicia un concello, o de Gondomar, que nos premiara ata o de agora. Nese sentido, parece como se aquí non existiramos, e iso fai que te preguntes que pasa neste país noso para que só reconezan o teu traballo nun pequeno concello. Pero, vale... seguimos batallando. Xa dixen, cando me entregaron o Premio Artemad, que teñan a seguridade de que imos seguir outros vinte e tres anos máis coa Mostra, porque cada vez está máis claro que é o festival internacional de teatro que Galicia necesita.

-Aínda que critique esa falta de recoñecemento, a Mostra conta todos os anos co apoio do público. Iso é motivo de satisfacción, non é?

-Ás veces, cuestiónase a Mostra dende algúns sectores galegos, pero logo ves que contas co favor do público e iso é o que me vale. Un festival de teatro que pode xuntar a máis de mil persoas nos seus espectáculos, é un festival que funciona. Mira, eu non fago case publicidade da Mostra, pero non fai falta, porque é unha cita importantísima para moita xente. Hai quen organiza incluso as datas das súas vacacións para poder vir a Ribadavia. Nós demostramos o noso traballo coa asistencia de público, cuns espectáculos punteiros e arriscados, espectáculos que ninguén coñece e, ao cabo dun tempo, comezan a destacar no Estado Español. Entón, iso o que me vale. Todo o demais... mira, a min que me deixen traballar e seguir loitando polo teatro. Penso que o teatro galego é un apartado importante na Mostra de Ribadavia, sempre conto con el e por iso tamén quixen compartir o premio con todos eles.

-Que criterios segue á hora de deseñar a programación da Mostra?

-Eu, durante todo o ano, vexo máis de douscentos espectáculos teatrais, e logo fago unha peneira. Ademais, coñezo o público que asiste á Mostra e sei dabondo o que lles pode interesar. Tamén arrisco moito con algúns espectáculos, e iso é algo que o público agradece, porque a xente tamén quere que lle deas un "batacazo" de vez en cando, un batacazo no bo sentido; é dicir, que vexan que aquí poden ollar cousas que doutro xeito non poderían ver.



ELI REGUEIRA

Rubén García

“O público da Mostra é esixente, respectuoso e entendido”

A Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia vén de acadar o Premio Artemad, outorgado pola Feria de las Artes Escénicas de Madrid: un galardón que reconeça o labor dunha equipa que, dirixida por Rubén García, leva vinte e tres anos traballando polo teatro galego

NATALIA ÁLVAREZ

-Como é ese público que acode todos os anos a Ribadavia?

-É un público moi esixente, respectuoso e entendido. A Mostra de Ribadavia, sen o público que asiste, non tería sentido ningún. Son moi esixentes e, como meta un espectáculo que non lles funcione, non hai pitos nin pataleos, pero fanmo saber despois. Hai tamén un gran respecto polo traballo que se está a facer aquí día a día.

-Cada edición da Mostra sorprende con cousas novas, como o ciclo de teatro para bebés ou os xogos didácticos para os máis pequenos. Pode adiantar algunha novidade para a XXIIIª edición?

-O ano anterior dedicámo-lo á memoria histórica, porque penso que é importante que as novas xeracións saiban o que pasou neste país durante esa época “en branco e negro”, como lle chamo eu á xeira franquista. Este ano aínda non o teño moi definido, sinceramente, pero pode que tire por aí mesmo e tamén pola temática da inmigración clandestina, que tan forte se está a notar en todas as partes.

-Están satisfeitos co apoio institucional que reciben?

-O Concello de Ribadavia dá todo o que pode, realmente. Trátase dun concello pequeno, os orzamentos son irrisorios, e penso que mesmo dean máis do que lles cabe. E na edición pasada, no 2006, a Consellería de Cultura ofreceu o resto. Hai que dicilo publicamente: tivemos un apoio fortísimo para que Ribadavia seguise sendo un referente importante no panorama teatral, e coido que este ano vai seguir sendo así ou aínda máis forte. Tivemos, quizais, máis apoio por parte da Xunta que a nivel estatal, por parte do Ministerio de Cultura.

-Polo seu labor como organizador da Mostra, leva décadas vendo teatro. Como considera a evolución das artes escénicas en Galicia?

-Eu pertenzo á Xeración Abrente, dos anos 70, e naquela época facíase un teatro mísero, moi rudo... É que non existía case o teatro galego! Porén, agora coido, sen dúbida ningunha, que está ao nivel


do teatro que se está a facer no Estado Español. Asisto a case todas as feiras de teatro e vexo o que se está facendo fóra e podo dicir que así é. O que pasa é que somos acomplezados neste país noso. Eu dígolles ás compañías: ‘Non sei que vos pasa, hai que botarlle carraxe, porque somos equiparables a calquera compañía do Estado’. Penso que hai unha situación óptima dende o punto de vista da calidade e da interpretación; os actores galegos son, para min, quizais do mellor que hai no Estado. De aí que coide que hai que perder ese complexo de inferioridade que ten o teatro galego; é o único problema que lle vexo. Hai que exportar o noso teatro, e sen ningún temor.

Por razón de sexo

A chegada ao poder do goberno Zapatero supuxo que, por primeira vez no transcurso da actual Restauración borbónica, un goberno tivese unha composición paritaria e que a primeira vicepresidencia estivese dirixida por unha muller, o que supuxo que, en ausencia do presidente, sexa ela quen se ocupe de comandar o destinos de España. Evidentemente, ese feito, revelador da igualdade de dereitos a nivel formal e xurídico (aínda que ese dereito non afecta á xefatura do Estado, que permanece constitucionalmente de preferencia para os homes dunha liña sucesoria da familia dos Borbón) existente en España, é un logro da presión exercida polos colectivos feministas nas últimas décadas; non obstante, a comparación entre a realidade cotiá, na que a muller é discriminada no ámbito doméstico e público, e a lexislación que establece unha igualdade formal de dereitos, móstranos que, alén da necesidade de promulgar leis igualitaristas para garantir a igualdade

Igualdade de dereito/ Igualdade de feito

ALFREDO IGLESIAS



de de xéneros, cómpre unha actuación máis decidida para abolir a desigualdade por razón de sexo, fanse precisas políticas destinadas a abolir a institución política do patriarcado capaces de xerar unha profunda transformación social.

Agora ben, en tanto que para lograr esa profunda transformación social cómpre sinalar os mecanismos sobre os que se fundamenta a produción e a reprodución da desigualdade, a profesora da Universidade da Coruña Ana Sánchez Bello, asu-

miu ese reto no libro *Políticas públicas de igualdad: perspectiva de xénero*, no que, baixo a súa coordinación, se analizan dende unha perspectiva de xénero cinco eidos temáticos ben diferenciados: as repercusións da globalización e do neoliberalismo no ámbito laboral, así como a súa incidencia na xeración de novas desigualdades que afectan principalmente ás mulleres, é a cuestión analizada por García Negro; o desenvolvemento das políticas públicas de igualdade en España, é o ámbito de estudo de Astelarra; a cuestión de como a lexislación asume o dereito á conciliación, analiza Sánchez Torres; Ballarín Domingo propónnos un exemplo de como desenvolver políticas de igualdade no ámbito escolar; finalmente, Izquierdo avoga por dar poder ás vítimas para erradicar a violencia de xénero.

SÁNCHEZ BELLO, Ana (coord.), *Políticas públicas de igualdad*, Ed. Laidvento, Santiago, 2006, 179 páxinas

D'O Perfume

Sobre a realidade nas esencias

HÉITOR MERA

Ao longo do século XX moito se avanzou na investigación e nas propostas técnicas da narrativa. Desde o punto de vista do narrador até os diferentes tipos de novela cos que se nos foi completando un panorama xa de por si moi rico con aquel que viña do século XIX coa novela romántica e realista europea.

Os pensamentos, sentimentos e psicoloxía dos personaxes cobran unha dimensión que antes non se podía máis que albisca desde a interpretación do conxunto da novela e a súa acción. As miserias e inxedanzas dos protagonistas e adláteres da novela moderna propoñen un abano amplísimo de visións e enfoques.

Con todo, é no ano 1985 cando aparece esta novela, rara avis de best seller internacional pola súa calidade e éxito conxunto, que se convertería, xunto a *O nome da rosa*, de Eco, en obra de referencia para moitísimos lectores.

E é que, ademais da calidade á que nos referimos na

escrita de Süskind, xa é mérito afrontar unha historia da maneira que o fai el: facer un exercicio hiperbólico dun sentido como é o olfacto para

describir o xeito de percibir o mundo por parte dun personaxe peculiar e desapercibido para os máis como é o tal Jean-Baptiste Grenouille, home sen pasado e sen futuro, sen carisma nin interese para ninguén, pero que a través do seu esaxerado don olfactivo posuidor da vontade de facer e desfacer ao seu antollo, capaz de amasar de inmensas fortunas a través da súa capacidade artística-sensorial, pero, sen embargo, interesado unicamente en acadar a meirande cantidade de arrecendos e fedores para facer unha composición do que é o mundo e, nalgún momento, moldealo ao seu antollo e interese. Mais, é tal a cobiza por conquistar os cheiros máis insospeitados que, non

tendo arelas económicas, é quen de matar mocías para así captar toda a súa esencia e levala a pequenos frasquiños cos que conservar o máis profundo da existencia das súas vítimas.

Entre o fantasioso e o realista –fantasioso o don e poder que ten, realista a realidade que se nos amosa a través dunhas descrições impresionantes de ambientes e personaxes– *O perfume* é unha historia que o lector teña esta obra como unha das súas historias de cabeceira para o resto da súa vida. Animámos desde esta sección a ler, quen non o fixera aínda, esta obra sen deixarse influenciar pola lamentable adaptación cinematográfica que pulula polas salas de cinema. Non se poden trivializar as grandes historias como a de Jean-Baptiste Grenouille, pois para poder chegar á esencia, mesmo dos aromas, hai que baixarse ao texto, obra magna da escrita de Süskind. Outra cousa é sacrilexio artístico.

SÜSKIND, Patrick, *O perfume. Historia dun asasino* (trad. Luís Fernández Rodríguez), Ed. Sotelo Blanco, Santiago, 2006, 279 páxinas



De xénero

Paseo narrativo polo West

PILAR PONTE

Os salvaxe Oeste turra por nós no libro *A morriña das balas*, unha novela de Xosé Díaz Díaz (Lugo, 1980), fortemente apegada ao xénero do western e que conta co mérito de ter sido unha das tres obras finalistas na primeira edición do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil. O texto chega agora publicado por Edicións Xerais na súa colección "Fóra de Xogo", un acerto editorial que está a piques de chegar ao seu número cen.

O autor, un tanto descoñecido ata agora, dedícase á docencia, profesión común a moitos outros dos nosos escritores. Con anterioridade a esta obra, obtivo varios premios nos certames "Ourense de contos", "Os Viadutos" de Redondela e no "Modesto R. Figueiredo" convocado polo Pedrón de Ouro e ten publicada a novela *O domine indómito* (2006), premio "Historias na Universidade".

Como ben anuncia a presentación editorial, o texto respecta as convencións deste xénero de literatura popular en moitas das súas características. Na actualidade este universo imaxinario é máis coñecido polo público a través do cine que hai unhas décadas, cando os mozos, porque case sempre eran eles, ían tarde si, tarde non, trocar a peso as novelas de Marcial Lafuente Estefanía ao quiosco do barrio.

A morriña das balas contén todos os elementos do western sen faltar ningún. As personaxes son figuras deseñadas á medida do arquetipo, subordinadas ao avance rápido dunha trama que só permite algunha pequena descrição da paisaxe. E deste xeito desfilan desde o fuxitivo que en realidade é o bo, ata os pistoleiros malos que o perseguen, pasando pola moza belida, o shériff, os indios, os soldados, o pousadeiro, o coronel e ata Búfalo Bill. Os escenarios tamén nos resultan coñecidos, ata o punto de que o autor aforra nas descrições dos espazos que dá por coñecidos por parte do lector, como acontece co Forte Lancaster, o deserto, ou mesmo o salón de Ridgecrest.

Xosé Díaz vén continuar a liña doutros autores galegos que, desde diferentes ópticas, se teñen achegado ao western. Comezando pola primeira novela de Cunqueiro, desgrazadamente perdida, na que o mindoniense poñía a falar aos indios en galego e aos vaqueiros en castelán, pasando pola obra *A morte de Frank González* (1975) de Xosé Fernández Ferreiro, comunmente aceptada pola crítica como a iniciadora do xénero na literatura galega ata chegar a novas perspectivas máis atípicas como a de Isidro Novo, a novela do Oeste segue a manter o seu interese.

DÍAZ DÍAZ, Xosé, *A morriña das balas*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 105 páxinas



LIBROS

O elo dos espazos

A "Biblioteca Compostela de Narrativa Europea" propónnos co seu segundo título, *A pensión Eva*, unha cálida viaxe ata as mediterráneas terras de Sicilia, de onde é oriundo o seu autor, Andrea Camilleri. E este percorrido tórnase case físico, mais tamén fortemente sentimental, como non pode ser doutro xeito cando o propio Camilleri afirma: "La Sicilia per me è il villaggio di Tolstoj, quando Tolstoj diceva: 'Descrivimi bene il tuo villaggio e avrai descritto il mondo'". Neste seu desexo por pintar o universo con palabras, o autor de Porto Empedocle, sitúa a pensión que dá título á narración en Vigàta, un trasunto da súa vila natal e un lugar común na obra camilleriana. Unha sorte de

Segredos desde a pensión

MONTSE PEÑA PRESAS

ser contado: Sicilia agocha a Vigàta, Vigàta arroupa á pensión Eva e a pensión esconde, finalmente, as historias, amores e angurias de todas as persoas que a habitan, dándolles cabida e dotándolas dun certo senso conxunto.

dos temas centrais da mesma: á iniciación á vida adulta. A pasaxe cara á natureza madura semella sustentada pola introdución dos adolescentes na pensión e polas primeiras pesadumes, derivadas dos tempos que se viven na illa. Nun punto estratéxico da Italia da Segunda Guerra Mundial, o sufrimento parecía ser compañeiro habitual. O autor recorre así ao pano histórico, mais non para centrarse nel, senón para testificar como afectaba ao cotiá dos seres que o viviron, tentando resistir o seu pulo.

A obra conta con pasaxes ben fermosas, nas que Camilleri fai xurdir a sorpresa do feito usual, o que, aínda zarrapicando de maxia os días dramáticos dun país que está a piques de perder a máis importante das guerras, tamén contribúe a estereotipar o personaxe da prostituta. Simpáticas, amables, comunistas, mais tamén relixiosas, polas paredes da pensión Eva non pasa unha que se rebelde ante a súa situación (a non ser que o amor lle obrigue a repensar as súas circunstancias). Ademais, este protagonismo coral que é realmente produtivo á hora de enfiar as anécdotas, trae consigo un dobre efecto: impide unha profundización na psicoloxía dos personaxes e fomenta a estruturación feble da que padece o conxunto da historia, cunha unidade certamente forzada.

A pensión Eva é, en definitiva, unha obra menor de Camilleri, que non foi traducida polo momento a ningún outro idioma peninsular. E Camilleri é un deses poucos escollidos que pode presumir de ter dado vida a un personaxe que o sobrepasa en fama, o que vén certificar que a súa escrita está absolutamente consagrada polo público do seu país. As lectoras e os lectores galegos esperamos, de certo, poder volver a camiñar polas rúas de Vigàta, esta vez xa co detective Montalbano, que xa fala dende hai tempo castelán e catalán, da man.

CAMILLERI, *Andera, A pensión Eva* (trad. Carlos Acevo), Ed. Galaxia, Vigo, 2006, 145 páxinas.

O lectorado galego recibirá os segredos que agochan as paredes da pensión (que en realidade é unha casa de citas existente na Sicilia dos anos 40) grazas á máis que digna tradución de Carlos Azevedo e tamén grazas a Nenè. Este personaxe, que nas primeiras páxinas parece ser o carácter central da historia, só constituirá despois unha sorte de guía polo descoñecido cosmos isleño e un ollo de boi colocado no cerne da acción. Valéndose del, e do seu grupo de amigos, Camilleri ubica na obra un

Vetusta-Oviedo, Marineda-A

Coruña ou Oliveira-Vigo, e un verdadeira regalía sensorial. Porque se en algo destaca esta obra é no absoluto papel protagonista que nela teñen os espazos. Espazos que se van unindo, como elos dunha mesma cadea, na espiral da vida, para dar forma ao relato que nos quere

Guerra e literatura galega

Unha colectánea ensaística

RAMÓN NICOLÁS

Que un libro como o que nos ocupa - *Guerra civil e literatura galega (1936-1939)*, coordinado por Xesús Alonso Montero e por Miro Villar-, que ten a súa orixe na celebración, en decembro de 1999, dunhas xornadas de estudo arredor da guerra civil e mais a literatura galega, patrocinadas polo Consello da Cultura Galega, aparece publicado arestora e, aínda máis, que tal volume estea situado no primeiro lugar de vendas nalgunha listaxe de libros ensaísticos máis demandados nestas últimas semanas, vén confirmar o interese que suscita este tema entre o gran público e ao tempo confirma a ansia de coñecemento verbal do que realmente supuxo o conflito bélico do trinta e seis para a literatura galega daquel período e para a que veu despois, isto é, pode axudar a responder a cuestións clave como poden ser: quen e como encaron a práctica da creación literaria os que así puideron facelo, en que grao sufriron a represión, que asuntos ocuparon aos nosos escritores, en que lingua, en que lugares...?

Ao tempo, talvez a publicación deste libro é quen de silenciar elocuentemente e con probas evidentes que a guerra civil só é un asunto histórico que a poucos interesa; moi polo contrario a súa sombra está a deixar de ser impenetrable e o desvelamento vago de todas as súas causas, actores e consecuencias goza hoxe en día, máis de setenta anos despois do seu comezo, dunha proxección talvez inusitada, sobre todo no que se refire a estudos críticos e mesmo á recreación literaria de acontecementos que dela se derivaron, ou que nela se produciron, como amosan, por só citar dúas, as últimas, e magníficas, pezas narrativas de Manuel Rivas ou Suso de Toro.

É este, así pois, un denso e elocuente libro, no que todos os seus colaboradores merecen ser destacados


pois en todos eles converxe non só o interese e singularidade das achegas realizadas, senón que mesmo o discurso expositivo que exhiben, nas máis das ocasións fluído e rigoroso, facilita o seu acceso para calquera interesado. Velaí, xa que logo, a elucidadora achega que inaugura o volume da man do profesor

Alonso (que desvela datos descoñecidos de Leandro Carré Brandariz), Xulia Marqués (sobre o xornal *El Compostelano*), Olga Novo (arredor dun manifesto político en *Grou*), Armando Requeixo (que se achega á obra de Aníbal Otero), C. Rodríguez Fer (ofrecendo unha visión xeral sobre a literatura Galega na Guerra Civil) e outras colaboracións igualmente interesantes de T. Seara, Lois Vázquez, Miro Villar, X. Redondo Abuín, o xa desaparecido Borobó, Manuel Dourado e Avelino Pousa Antelo, quen pon o ramo a unha obra completa na que cumpriría, finalmente, destacar os abondosos documentos que se incorporan nesta edición: retallos de

Montero baixo o título de "Presenza da lingua galega nos libros de lectura, na escola primaria, nos primeiros anos do Franquismo"; ao que seguen as colaboracións de Gonzalo Bouza-Brey Villar (sobre Luís Bouza-Brey), Concepción Delgado (que se centra en Celestino Luís Crespo e as súas Brétemas mariñás"), X. G. Ferreiro Fente (que se interna na obra de Paz Andrade), X. Ramón Freixeiro (achegándose a Noriega Varela), I. López Silva (afondando na memoria histórica na na-

prensa, caricaturas, prosas e poemas inéditos, mesmo un vocabulario case que descoñecido, que fan deste volume unha útil ferramenta de coñecemento. Todo un acerto.

ALONSO MONTERO, X-VILLAR, *Miro* (coord.) *Guerra Civil e literatura galega (1936-39)*, Ed. Xerais, Vigo, 2006, 263 páxinas





Arriba: Vista xeral de "Construcións".
Abaixo: "Tutto l'oblicuo", unha das
esculturas presentes na mostra.

Espazo, plano e volume

O argumento expositivo, enormemente suxestivo, defende que o que singulariza a escultura é o seu valor de construción, co que implica de elemento conformador do espazo, e é precisamente a dialéctica espazo-plano-volume o que conforma a súa creación. Enrique Conde adopta o espazo como elemento estrutural, procurando o mínimo común múltiplo da linguaxe artística, tentando identificar liña e baleiro, fondo e forma, espazo e tempo.

O resultado final é definido como unha multiplicidade de ligazóns, nun proceso que non se constitúe nunha simple continuación da herdanza vangardista, senón que permite establecer unha tensión, da que xorden determinadas peculiaridades, como pode ser a delectación no material ou o tendencia cara a unha captación sensual dos aspectos físicos do obxecto artístico ou mesmo a emoción e o lirismo que deitan obras como *Casa de Vincent* –alusión a Van Gogh– na que o fio de aceiro e o vimbio, conseguen unha intensa forza evocativa.

Estamos, xa que logo, perante unha obra que parte da idea da deconstrución da realidade e que consegue propiciar a reflexión sobre aspectos chave da evolución da arte actual, da arte máis afastada da vanalidade. Sitúase, pois, o artista nun discurso que quere ser ao mesmo tempo elemento de diálogo e cuestionamento dos parámetros expositivos, pénsese no xa comentado sobre o lugar no que realizou a súa última mostra.

Enrique Conde traballa nun sentido purista, esencializador, que se explicita con toda rotundidade en obras dunha intensa nitidez como as da serie *Estruturas*, nas que se entrecruzan planos de enorme limpeza e que se manifestan como conceptos esenciais, abstractos, no seu sentido de extremo ideal depurativo. Son obras que se enmarcan, como un dos mellores exemplos, no panorama de reformulación das correntes construtivistas. Conde emprega estruturas diversas, sobre todo de madeiras variadas (carballo, eucalipto...), crea pezas cun acentuado monocromatismo, só matizado polos xogos lumínicos que establecen as sombras. Son obras nas que toma corpo un evidente desexo de integración das artes, desenvolvido entre o arquitectónico, o pictórico e escultórico. Unha obra ao servizo dun ideal formal absoluto pero que quere ser obxecto de reflexión tamén no plano social.

Nos últimos días do pasado ano e comezo deste 2007 o escultor Enrique Conde expuxo a súa obra en Vila-garcía, nun singular espazo privado, unha casa particular antiga atractivamente restaurada, un ámbito afastado do mundo gallerístico e puramente comercial. Co título de *Construcións 2003-2006* presentou a súa obra máis recente, unha sólida mostra con pezas que dialogan coa mellor tradición artística que ten no volume, na liña e no rigor estrutural os seus esteos fundamentais.

O artista elaborou unha proposta que escapa do que habitualmente entenderíamos por un panorama da obra máis recente, senón que establece unha relación de cada peza e do conxunto co ámbito expositivo. Baliza todas as pezas seleccionadas e define a mostra a partir dunha liña argumental –que é a idea de construción– de xeito que consegue ofrecer un conxunto de obras que dialogan e tamén modulan e alteran aspectos da herdanza da vangarda, con *De Stijl* e o construtivismo soviético como punto referencial, aínda que non exclusivos.

Sitúase, pois, o artista no ronsel dunha tradición da modernidade, a que fixo que do desenvolvemento da arquitectura e a escultura moderna, en boa medida, a historia dunha utopía construtiva e en moitos casos tamén dunha utopía social.

Conde salienta, mesmo nalgúns títulos, as afinidades conceptuais e formais con obras do pasado, e incluso semella cuestionar o propio concepto expositivo no que se enmarca a mostra, non por unha vontade de pura contradición, senón para situar a súa obra en ámbitos non dominantes, fóra do plano do mercado e da influencia da arte máis comercial. Sen dúbida percibimos que o escultor prefire arredarse dunha etiqueta determinada, que acabaría por situalo nun permanente plano restritivo e prefire o rigor absoluto dunha actividade artística que ten de seu un valor singular.

A arte de Enrique Conde ten un selo propio que incide na investigación de xinea intelectual, con notábel sensibilidade co uso e fruición do material, movéndose dentro de coordenadas conceptuais, mais con manifesta liberdade, reelaborando os presupostos construtivos, mais sen renunciar de ningún xeito a eles, coa forma e a súa análise como resortes fundamentais do seu proceso creativo, tendo o tratamento do material –madeiras diversas, chapa galvanizada– unha importancia decisiva.



Arte construtiva

En *Construcións* podemos percibir como o artista conecta con moitos aspectos do desenvolvemento da arte internacional das últimas décadas, pero sen ningunha concesión á moda, o que explica o radical rigor –case ascético rigorismo– e a carga reflexiva que teñen todas as súas pezas, un rigor que se proxecta na técnica e soporte e nas súas temáticas e homenaxes. Artistas como Malevich –explicitamente homenaxeado– ou Tatlin –a quen semella lembrar na súa *Ele-xía á República española*, por exemplo– presentan ben estas ligazóns, mais en Enrique Conde sempre achamos este mundo referencial reelaborado con obras cheas de profundidade conceptual e de grande liberdade formal.

Escultura de Enrique Conde

 CARLOS L. BERNÁRDEZ

XUVENIL/REVISTAS

Vontade de estilo

Algúns nenos, tres cans e máis cousas é unha colección de contos, publicada xa en 1980, cando lle valeu ao autor o Premio Nacional da Crítica infantil e xuvenil, que agora verte ao galego Planeta&Oxford, e que se caracteriza por posuír certa dose de tristura e dozura mesturada coa inxenuidade propia da infancia.

Trátase de nove contos que cumpren a meirande parte das premisas que guían a produción literaria de Juan Farias (Serantes, A Coruña, 1935) tales como vontade de estilo, léxico preciso, minuciosa descrición e renuncia ao emprego de esquemas literarios propios do xénero, que se ben conflúen todas nun desbotamento do barroquismo non fan perder á obra un ton poético e unha forma elaborada en todo o relato.

Os relatos, malia tratar diferentes temas e situacións -como a dor dun rapaz que sente o rexeitamento de seu pai, a falta de ilusión dun neno rico fronte á grandeza da dun neno pobre, a tenrura que evoca un anteollo dun vello marifeiro, o amor de varios nenos por un

Con dozura e inxenuidade



PAULA FERNÁNDEZ



can abandonado, o respecto que acada un deficiente ignorado no intre de herdar unhas terras ou o respecto dun home por un inventor de quen todos coinciden no ton e na poesía inherente ás súas liñas así como nunha presada de didactismo que se extrae logo da súa lectura, e que mesmo chega a nos facer valorar a intelixencia e o sentido común dos rapaces en comparación cos adultos.

A conxugación da técnica literaria tan característica do autor xunto ao desacougo que provocan a meirande parte dos problemas tratados fan tamén dela unha obra aproveitábel dende o punto de vista académico, xa que ao tempo que os alumnos e alumnas comezan distinguir diferentes estilos literarios grazas aos contos, o profesor pódoo tamén aproveitar para tratar os diferentes contidos transversais da educación primaria. O feito de se tratar dunha obra tan estruturada e elaborada, cuns contidos densos inseridos de xeito natural para os lectores, que consegue tamén facer traballar a súa imaxinación convértea nun obxecto atractivo

FARIAS, Juan, *Algúns nenos, tres cans e máis cousas* (ilustr. Arcadio Lobato; trad. Xavier Senín/Isabel Soto), Ed. Planeta&Oxford, Madrid, 2006, 81 páxinas.

Tensión narrativa

O xurado do III Premio de Literatura Infantil e Xuvenil "Pura e Dora Vázquez" na modalidade de Narración decidiu otorgar o galardón ao texto *Por que Baldomero Quintáns?* de Rafael Laso Lorenzo, o de Ilustración a María Puertas Feijóo-Montenegro e de forma conxunta a Deputación Provincial de Ourense publica no 2006 a novela que gozou cos parabéns de quen se dirixiu a eles coa intención de amosar novos talentos, novas ideas.

En *Por que Baldomero Quintáns?*, Rafael Laso Lorenzo narra as voltas e reviravoltas de dous personaxes que pretenden resolver un enigmático escrito, enviado a Baldomero Quintáns, de profesión "Axente averiguador" e que os obrigará a desprazarse por diferentes lugares da xeografía galega, no que constitúe una auténtica trama detectivesca e que consegue manter ata o final a atención do lector.

Á primeira nota séguenlle outras, non menos misteriosas, que porán a proba o talento investigador do seu destinatario e o sentido da amizade do dono do bar ao que dirixe todas as mañás e do cal coñece a súa afección ao xadrez.

Co axente Baldomero



MARÍA NAVARRO



Os coñecementos de historia, de mitoloxía, de xeografía, de xadrez, de xeroglíficos sonlles útiles os protagonistas nas súas pesquisas e en certa medida chegan a desempeñar una dobre función, porque ademais de constituírse en elementos clave da narración, serven para establecer un interesante xogo co lector que se sentirá practicamente dende o comezo atraído polos enigmas, que máis adiante descifran, polos feitos que se narran e polas minuciosas descrições que ambientan os movementos polas cidades máis significativas de Galicia, adentrándose ao mesmo tempo na súa historia real unhas veces, ficticia outras, e que en calquera caso levan á resolución do asunto central e que ten que ver co pasado, e quizais presente, de B. Q., iniciais de Baldomero Quintáns.

O contido aparece ben artellado, a intriga consegue manter a tensión narrativa, mais a edición do libro adoece do rigor lingüístico necesario para un tipo de texto destas características. Unha revisión neste sentido non lle viría nada mal!

LASO LORENZO, Rafael (ilustr. María Puertas/Feijóo-Montenegro), Ed. Deputación de Ourense, 2006, 115 páxinas.

ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

Longa Lingua

Varios Autores

Edita A Mesa pola Normalización Lingüística. 42 páxinas

Temos unha lingua que vén de longo, de máis de mil anos atrás con cada un dos seus días, á que Álvaro Cunqueiro lle desexou, como é ben sabido, outros mil máis de florecemento primaveral. Neste senso, a Mesa pola Normalización Lingüística promoveu a edición desta revista para tentar cubrir un oco na formación, información, análise e debate sobre lingua e sociedade no noso país e, tamén, para ollarmos a pluralidade lingüística do planeta. A súa finalidade é informarnos mes a mes dos principais acontecementos á volta do galego, achegarnos aos diferentes territorios da Galegofonía e, en moitas ocasións, co-

ñecer as batallas que libran outras linguas do mundo para gañaren a normalidade e para seren iguais en dereitos e deberes. Este número cero inclúe artigos, entre outros, de Xavier Queipo, "A lingua do paraíso"; Pilar García Negro, "A semántica, sempre a semántica"; Nel Vidal Barra, "Para unha política lingüística máis efectiva desde todas as administracións", e Luís Villares Naveira, "Conflito lingüístico e cambio xurídico", así como entrevistas con "Soco" García Conde, técnica de Normalización Lingüística no Concello de Santiago de Compostela, e Xosé Manuel Sarille, presidente fundador da Mesa.



Tres miradas poéticas

Luciano Rodríguez

Edicións Laiovento. 68 páxinas

Só o título *Tres miradas poéticas* este volume reproduce os traballos "Fernando Pessoa ou a escrita como ficción real", "Cómicos verdes, libro fundacional" e "A poesía de Xavier Baixeras mirada desde *Eclipse*", que foron escritos, respectivamente en 1996, 1997 e 2001. Agora van xuntos neste Caderno editado por

Laiovento. Nestes tres artigos, que amosan unha forte complementariedade lectural, está a maneira de mirar a poesía de Luciano Rodríguez. Os tres foron escollidos por Xano Trevinca, profesor de Literatura Comparada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.



Os Bolechas

Pepe Carreiro

Edicións A Nosa Terra. 21 páxinas

Edicións A Nosa Terra acompañados polo seu invén de tirar do prelo tres novos volumes da colección Os Bolechas, con guiñón e ilustracións de Pepe Carreiro, e adicada aos máis pequenos. Son os seus títulos, *Os Bolechas van de viaxe*, *Os Bolechas e os dereitos da infancia*, e *Os Bolechas festexan o Nadal*. Outra volta, os seis irmáns,

separábel cadelo Chispa, viven novas aventuras ao tempo que promoven valores éticos e normas de comportamento entre os lectores. O autor plantexa problemas da vida cotiá aos que os protagonistas deben procurar unha solución cos seus cativos recursos.



Dende a Galiza de Maeloc, dende o mar do norte onde chegou quizais a única, -ou a derradeira?-, vaga céltica ao noso país, aparece o proxecto *Nordestin@s*, dúas voces e un piano, que presentan as cántigas mariñeiras das tabernas do Cantábrico agochadiñas nun fermoso envurullo jazzístico. O proxecto xurdiu das inquedanzas de dúas das mellores voces da escena galega, Guadi Galego e Ugia Pedreira, que quixeron pór en común as lembranzas que posuían de cadansúa infancia na Mariña, lembranzas que conectaban adoito cando tiñan recendo musical. Deste xeito crúzaronse as traectorias vitais e artísticas destas dúas mulleres, imprescindíbeis de querermos entender a evolución da música folc galega nos últimos quince anos.

Eliseo Parra e de ter achegado a música a outras linguaxes artísticas, apartado onde cómpre salientar o seu traballo para a obra teatral *Tío Vania* de Factoría Teatro ou para a exposición *Narracións* do escultor Caxigueiro. Ademais, é fundadora do Conservatorio de Música Tradicional e Folque de Lalín, institución coa que tamén colabora Guadi Galego.

Foi despois das devanditas andainas cando estas dúas mulleres se decataron do moita bagaxe musical que partillaban, bagaxe que foi quecendo nas longas invernías nordestinas, onde cantar sempre foi, aínda é, unha das mellores maneiras de lle dar lecer ao corpo e ao espírito mentres brúa o Cantábrico e a friaxe recomenda ficar baixo teito.

Para lle dar feitura a todo este repertorio mariñeiro do Norte, ás músicas que elas recibiron das súas familias, procuraron tan só un piano, unha envoltura axeitada, sinxela e ao tempo sutil, próxima as harmonías contemporáneas, e remataron atraendo cara ao seu proxecto a elegancia e o talento dun dos mellores músicos de jazz da península, Abe Rábade. O santiagués posúe un currículo que abraia -cunha dobre licenciatura cum laude en jazz e piano no Berklee College de Boston- e colaboracións cos grandes mestres do piano mundial, para alén dos seus propios proxectos, Abe Rábade Trío ou Abe Rábade GHU! e do seu labor docente, no Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra. Así, nas melodías do disco, (*Nordestin@s*, Falcatruada 2006), vanse enleando o piano coa voz fonda de Ugia, o roncuado, a forza do mar batendo nas

Espido e Marful

Unha característica común aos tres compoñentes de *Nordestin@s* é a súa aparentemente inesgotábel capacidade creativa, que os leva a argallar decotino novas propostas, que adoitan por riba afastarse dos estereotipos polos que transita a meirande parte da música que se fai hoxe en día. Deste xeito, Ugia Pedreira despois do paso por Chouteira andou enleada un tempo na Ecléctica Ensemble, formación que teimaba en colocar a pandeireta no lugar que lle corresponde no mundo, e máis en transmitir a forza e a beleza das cousas bonitas. A formación, que incluía a pandeireta dos Ancares acaron das tradicionais galegas, estivo de xira co espectáculo *Dillej* de Carlos Blanco. Após do seu paso por Ecléctica, -o nome homenaxea a Maruxa dos "Rosales", cantadora entre gaiteiros-, Ugia pasou a formar parte de Marful, e ao igual que en Ecléctica de novo o conservatorio de Lalín ten moita importancia na creación desta banda. Marful recupera os ritmos que soaban nas vilas galegas na primeira metade do século XX, onde comezaban a chegar os ritmos americanos: twist, tangos etc, que convivían coa música popular, nunha confluencia do rural e máis o urbano que tamén se comezaba a dar daquela, nese trafego, polo de agora e lamentablemente unidireccional, que tanto mudou o noso universo.

Por outra banda e aproximadamente un ano antes da publicación do disco das Nordestinas, Guadi Galego aparecía por vez primeira nos últimos anos nun proxecto diferente a Berrogüetto, o disco *Espido*, dúo formado xunto ao seu compañeiro de formación, Guillermo Fernández, onde tan só a guitarra de Guillermo acompaña a voz de Guadi que aparece núa, co que se pode apreciar toda as cualidades da cantante cedeirense, ao longo de doce temas, con maioría de composición propia acaron de dúas pezas tradicionais e un tema de Ugia Pedreira.

Nordestin@s



Guadi Galego, nada en Cedeira, formou parte do grupo Rumbadeira, despois de se titular en Educación Musical na Universidade de Santiago, para logo pasar a participar no proxecto musical de Berrogüetto, no cal a súa voz vai gañando protagonismo paseniño, até ser hoxe unha peza senlleira do son do grupo. Para alén da súa andaina cos Berrogüetto, Guadi participa nun feixe máis de proxectos, como o que comezou acaron de Guillermo Fernández, Espido, ou as moitas colaboracións: Uxía, Susana Seivane, Anubía, Lamatumbá,...

Ugia Pedreira, de Foz, é amplamente coñecida na música tradicional por ter sido membro de Chouteira, mais agora é no grupo Marful onde atopa o espazo para as súas propias cancións, despois de ter colaborado con grupos e artistas tan dispares coma Banda Bassotti, Susana Seivane ou

pedras e coa de Guadi, máis aguda, o salseiro, a mornura das ondas alumiñando a area para repasar pezas populares e outras de composición propia, que malia diferenciarse doadamente, acóplanse á perfección, como o fan as dúas voces, equilibradas todas elas nos arranxos musicais do pianista compostelán.

O traballo foi gravado ao vivo no Teatro Principal de Santiago, o 1 e o 2 de setembro de 2006, dous anos despois do primeiro concerto do trío, pouco máis ca un experimento que puido ter rematado daquela pero que se consolidou, por mor da boa acollida, e deu en chegar até a gravación deste traballo presentado o pasado 11 de decembro e colocado entre os 100 discos máis vendidos do Estado no pasado Nadal, que permite enxergar moito camiño aínda para estas cancións que miran para o mar, para estas melodías tabernarias e nordestinas.

Envurullas de Jazz e Cantábrico

DANIEL LAVESEDO